Es tan ambicioso, que debiéndole un sujeto los derechos funerarios de un pariente, no quiso bautizarle un hijo hasta que pagase, y en tal estado estuvo ocho días, pasados los cuales lo bautizó. De este hecho tuvo conocimiento el prelado, que por enmienda fue de mal en peor, pues dice que en su parroquia es rey y Roque.

Posterior a esto ha cometido un escándalo algo mayúsculo, como por lo regular los hacen abultados para que se vean.

El día de un santuario que anualmente se celebra en su parroquia, a cuya función concurren muchos devotos de varias partes, como el funcionista no le dejó recoger limosna del santo, cogió al sacerdote que había de celebrar y dejó a todo el pueblo sin misa, siendo ya las doce de la mañana y desairando a sus compañeros que marcharon llenos de verguenza y escandalizados.

Estos son los padres de almas que en España tenemos.

Todavía dejamos de mencionar otras varias insolencias como son: el haber insultado en el templo a presencia de toda la parroquia a una respetable por haber comprado o, sin su permiso, una imagen de la virgen, diciendo que si no la sacaba de la iglesia se la echaba fuera a patadas. De esto tambien es sabedor el prelado.

La moral está perdida; y quien tenga la culpa no lo (...?).

Jueves, 17-Agosto-1882
D. Andrés Domínguez, sobrestante de carretera de Santiago á Arzúa, falleció repentinamente en dicha villa.

Domingo, 10-Diciembre-1882
Víctima de un cólico hepático, ha fallecido en Arzúa, el probo y antiguo registrador de la propiedad de aquel término municipal, don Eduardo Somoza Vazquez, cuya muerte ha sido muy sentida por todas las personas que lo trataban.

Sábado, 16-Diciembre-1882
Tiene atendido el Correo Gallego que el señor don Benito Hermida ha dado, por conducto del Sr. Villacobo, las órdenes más terminantes para la confección de candidaturas en Ortigueira y que en estas solo figuran los nombres del Sr. Caula y otros caballeros perfectamente desconocidos, así en Ferrol como en Ortigueira, pero no lo son tanto en Santiago y Arzúa.

Miercoles, 20-Diciembre-1882
Ha fallecido el registrador de la propiedad de Arzúa, don Eduardo Somoza Vazquez.

- 1 8 8 3 -

Viernes, 12-Febrero-1883
Ingresaron en la cárcel de Arzúa custodiados por la fuerza de la guardia civil seis sujetos que se cree están complicados en el hecho ocurrido en el ayuntamiento del Pico con un joven comprendido en la actual quinta. Parece que este último fué apaleado y que las lesiones que ha recibido son tan graves que se duda sobreviva á ellas.

Domingo, 21-Enero-1883
Dícese que se piensa establecer una línea de carruajes entre Santiago y la estación de Curtis pasando por Arzúa.

Viernes, 6-Abril-1883
Nos manifiestan de Arzúa, que circulan en aquel país rumores respecto de la seguridad individual, y que las gentes de aquella comarca, creen seria muy conveniente que se reforzase la guardia civil, para que con su celo y actividad tranquilice á aquel vecindario.

CEMENTOS NOROESTE OURAL
SUMINISTROS VIÑAS S/L
MATERIAIS DE CONSRUCCION
Subdistribuidor Roca
Ramón Franco, 38
Tlf. 50 00 76
ARZUA

CAMPING gaz INTERNATIONAL
XOIERIA - RELOXERIA
XOSE IGLESIAS
Rúa de Lugo. 8
Tlf. 50 01 04 — ARZUA


EL ASESINO
Dibuj:
CAMINO GARCIA
JOSE
CLAC!!
BANG
BANG
BOM
Dibuj: CAMINO-(EL ASESINO)
CAMINO
BANG
BANG


Queixooo !
Queix....!
De que queixa oh!
Sempre a nos queixar..
Sempre a nos queixar!



donuts®



SVSLREBETE
A UILLA NOUA. PASA?







DISTRIBUIDOR DE

KAS

Rúa de Lugo, 19 - 2°
Tlf. 50 03 76

ARZUA

## ARTISTAS DE SONA

# ARTESAN «CARRAGOTO»

AURELIANO PARDO VILA

Emporiso, índa que se non atopen na vila industrias nen obradoiros que ofrezan intrés, non imos a supôr que seña por falla de homes agudos e ben asisados pra calquer estudo ou pra calquera empresa; nin que se non den nela artistas isolados moi xeitosos. Lémbrome ben do señor Andrés Vasques, mais coñecido pol-o alcume de Carragoto que lle viña do nome da aldea da sua nacencia na freiguesía de Cardeiro, un carpinteiriño miudo do corpo dos meus tempos mozos, que posto a tornear facía milagres no buxo. Ora facía pezas pra os crarinetes, ora gaitas galegas tan feituquiñas que daba xenio velas e inda máis ouvirllas tocar, pois repinicaba no punteiro que semellaba un feitizo. A sona do gaiteiro arzuao, despois de conquerir a nosa terra, avantou monte adentro das Asturias, onde se osos moiferos e unha casta de homes argalleiros e fachendosos tal que non hai outro no mundo. O que cheguei a esa terra brava e tristeira (xa vai desto moito tempo) contoume un meu compañeiro asturián da Pola de Somieu, que nas romaxes de aquela toleirona mocedade soaban docemente as gaitas feitas na vila de Arzúa. Eran as gaitas grilleiras das mans enfeitizadas do señor Andrés de Carragoto, que tamén fixo moitas pras Américas. E, que trompos de buxo tan repinicados torneaban ele e o seu fillo Xesús pra os rapaces, cando viña o tempo de xogarmos as quilladas! O Xesús, que herdou o arte e mail-a sona do pai, inda que a sua especialidade e costruir carrozas de automóveles, fai tamén gaitas moi feitiñas pra Galicia, Asturias e América, e ten carrego de fornecere delas ôn meirande armacén de instrumentos musicaes da Cruña.

Nunha longa conversa que tiven co-ele no seu obradoiro, amostroume duas que tiña feitas (a prezo de oito pesos, cumpridas de todal-as pezas de madeira de buxo) e díxome que fai tres crás de gaitas, en sí bemol pra tocare senlleiras, en dó pra armonizaren con frautas e crarinetes, e grilleiras que son máis pequeneiras i-escrusivas cuasemente do país asturián.

AURELIANO PARDO VILA - Revista NÓS, Nº. 133. Ano. 1935. Ourense.

Nota.- A recolleita do texto faise íntegra, sen engadir, correxir ou sacar ren. O tíduo de: "ARTISTAS DE SONA" é un apartado da súa pubricación en Nós, NOTAS ENCOL DA VILA DE ARZUA. Nun futuro iránse sacando os outros párrafos que compoñen a devandita pubricación.

CASQUEIRO 1ª
SNACK-BAR
SALON BODAS
MERENDERO
CAMPING - CARAVANING
DON MANUEL
Estrada de Santiso, s/n
Tlf. 50 02 11 ARZUA



Confiteria e Pasteleria
A Esquina
MOITO ESMERO EN ENCOMENDAS
PARA CASAMENTOS E BAUTIZOS.
Rúa de Santiago, 1- Tlf. 50 00 08 — ARZUA

TOLDOS
GOMEZ
Fábrica no Raído
ARZUA

Schweppes
La Casera
«PEREIRA»
DISTRIBUIDOR PARA ARZUA E BISBARRA

PEUGEOT TALBOT
TALLERES GARCIA
RUA DE JOSE ANTONIO, S/N
TLF. 50 03 18
ARZUA

# XAN DO RECHO E O LABERCO.




Recollido na Arzúa por Manoel Cajaraville Pensado.

Eu na miña vida vin dúas persoas que se levaran tan mal como Xan do Recho e máis o Laberco. Decote andaban rifando, í eso que vivían porta con porta.

Xa tiveran dous preitos: ún pola auga do regadío, e outro por un carballo.

O máis fermoso do caso foi que o carballo non era de ningún. O carballo nacera entre a leira dún e máis a do outro; pro como estaba metido no camiño do río resultóu sere do Estado

Entre abogados, escribentes, viaxes a cidade e outras cousas quedaron polas portas.

Un día saía da casa o Recho coa cabra á corda, e o Laberco que estaba na porta, díxolle:

-¿Onde vas con ese castrón?

-¿E logo ti non ves que é unha cabra?

-Non estou a falar contigo; estóu falando coa cabra.

Xa se armou.

(Pubricado por M. CAJARAVILLE PENSADO no libro "Debullando Folklore".- A Coruña, 1983)

RECAMBIOS
MAGAGA
Rúa de Lugo, 19
Tlf. 50 00 66
ARZUA

# PAGINA KULTURAL

por Anxo Bravo.

## A

- ABHOGADO:
Que defiende los casos de pena de muerte po

- ABHOGADO:
Que defiende los casos de pena de muerte por ahorcamiento.

- ABROCHA:
Utensilio pictórico que sirve para introducir el botón en el ojal.

- ACERA:
Laterales de las calles muy blandos y resbaladizos.

- AFASIA:
Mudo de Oriente.

- AFIRMAR:
Señor llamado Antonio, el cual firma con su inicial y luego la arrubrica

- AGUJA:
Acción de reirse por parte de un bebé.

- ALEGAR:
Formar sacerdotes presentando pruebas.

- ALETIC:
Grito de ánimo que dan los peces a su equipo favorito.

- ALFIL !:
Exclamación del jugador de ajedrez cuando después al fin de muchos esfuerzos logra dar mate con la pieza del tablero cuyo desplazamiento es en diagonal.

- ALMACENA:
Acción de comer por la noche en el cielo.

- AMARRANO:
Engancha la salva sea la parte.

- AMAZONAS:
Mujeres que sólo les gusta una parte del cuerpo de los hombres.

- AMPUTAR:
Cortar un miembro y dedicarlo a la vida pública

- ANARQUISTA:
Persona que fabrica arquetas sin ningún orden.

- ANASTASIA:
Mujer dormida por medios artificiales.

- ANDALUCIA:
Mandato que se le hace a una paralítica en el sur de España para que camine.

- APARATO:
Engancho de dos en dos

- APISONADA:
Acción de buscar un piso sin encontrarlo.

- ATENA:
Ciudad griega descubridora de la televisión.

- ABALA:
Dar fé de un rebaño de ovejas.

## B

- BADAJO:
Nombre que se le da a la parte móvil de la campana en cierta provincia de Extramadura.

- BARANDA:
Establecimiento de bebidas ambulante al que se le agarra la gente borracha.

- BATERRIA:
Acción de defectar muy alegre acompañada de música de fondo.

- BRUMA:
Coña en la niebla.

- BURBRUJAS:
Personajes fantásticos que revientan facilmente.

## C

- CABERZA:
Vegetal usado por los humanos para pensar.

- CACERES:
Cazador de animales vacunos en cierta provincia española.

- CACHEMIRA:
Mineral a través del cual se ven las partes traseras de las personas.




FILMOTECA
VIDEO-UNO
Rúa do Carme, 1
Tlf. 50 04 80
ARZUA

deportes
LOPEZ
Rúa de Baltasar Pardal, s/n
Tlf. 50 04 23
ARZUA

# ALGUNHAS CONSIDERACIONS ENCOL DO ALCOOLISMO

RAMON CALVIÑO CARBALLO

Retumbou o picaporte da casa da señora Farruca, quen deseguida abreu a cancela. Un home surrideiro e moi melindroso espetoulle de súpeto: "Bos días, señoriña; eu sonlle do Fogar dos Alcoólicos:..: ¿ ten vostede a bondade de aportar algo? -¡ Abofé que sí!- dixo a muller- Pode levarse o meu marido.

(Do "Verdadeiro Mintireiro". Ano 1985. Palas do Rei)

Podemos tentar unha definición do alcoolismo dicindo que é unha dependencia psicolóxica e/ou fisiolóxica ó alcool, caraiterizada pola incapacidade do alcoólico para controlar o consumo do alcool e que dana a saúde física e mental do bebedor e o seu ámbeto social i económico.

Calcúlase en termos xerais que nos países desenrolados máis do 60% da poboación bebe sobexamente i está a medrar o consumo en rapaces e mulleres.

Polos anos 70 o consumo de alcool puro por persoa e ano nos países maiores consumidores eran: Francia, 22 litros; Italia,15 litros; Austria, 14; Alemania ocidental, Portugal, Suiza i España, 13 litros.

Pódese dicir que o 50% das persoas dos países desenrolados están expostas a transtornos psiquiátricos, dixestivos ou cardiovasculares derivados do alcool e a isto débese engadir os accidentes acontecidos baixo o efecto do alcool, xa sexan laborais, de trafego ou de outro xeito.

O 35% dos nenos nados de nais bebedoras poden sofrir retraso mental retraso de crecememto e outras doenzas.

Na España, que se atopa entro os sete estados de maior consumo de alcool por habitante, calcúlase que hai máis de millón e medeo de dependentoes do alcool con consumos superiores ós tres cuartos de litro de viño ó día ou seu equivalente noutras bebidas, é dicir máis de 80 ml de alcool puro o día.

As razons polas que se chega a sua dependencia son moitas.

Poderíamos dicir que hai un ambente alcoólico con caraiterísticas como o uso cotián de bebidas alcoólicas que se consumen a todalas horas i en calquer lugar.

Hai unha escasa censura social ó bébedo e ó a coolismo en xeral. Moitas persoas aínda manteñen a idea trabucada de que o alcool mellora a saúde ou que é útil para algunhas doenzas como a tensión baixa ou para loitar contra a friaxe. A todo isto debe engadirse as campañas de pubricidade das bebidas alcoólicas, identificando ó alcool co éxito ou a promoción social.

Polo tanto o inicio da xente nova faise fondamentalmente por razóns sociais, de ambente.

A muller acostuma a iniciarse non tan cedo; en moitas ocasións despóis do casamento, debido a frustracións ou transtornos psíquicos.

Calquera que sexa o mecanismo de comenzo, o uso do alcool vai medrar paseniñamente e canso o consumo de viño ultrapase os tres cuartos de litro (e moitas veces con menos cantidade) durante uns anos, constitúe o cadro do a coolismo con toda a chea de problemas mentáis e orgánicos que conleva.

Daquela o a coolismo vai afectar ó ser humán na etapa medea da súa vida, cando o bebedor leve 10, 15 ou máis anos bebendo escesivamente. De alí a súa grande repercusión social i económica por xurdir nas idades de maior rendemento no traballo e tamén as graves repercusións na familia e os fillos pequenos.

Isto agrávase porque o alcoólico non vai ó médico de seu, non se recoñece como doente -Bebe "o normal", "como todos"-. En todo caso, cando consulta xa moi avantada a doenza, faino por trastornos dixestivos(por unha gastrite, úlcera, hepatite ou cirrose), ou chega por haber sofrido un accidente.

Os alcoólicos acurtan a súa vida Un 80% teñen transtornos psiquiátricos graves; un 85% doenzas orgánicas e un 80% problemas sociais.

Os transtornos na saúde corporal afrctan a cáseque todo o organismo, sendo os máis comúns os dixestivos xa nomeados, al lesións do fígado (que levan a causa de morte máis frecuente por cirrose), transtornos de nutrición, doenzas no sistema nervoso como otremor, crise convulsivas, polineurite, dexeneración do corazón (cardiopatía alcoólica), dexeneración dos músculos do esquelete (miopatía alcoólica).

Os tra stornos mentáis, que levan en moitos casos ó alcoólico o hospital psiquiátrico son a perda da memoria, a dificultade para pensar e razoar con claridade i en graos máis progresivos, a tolemia ou demencia alcoólica.

Unha doenza moi propia do alcoólico e o delirium tremens no que o doente sofre alucinacións, estando a ver animais ameazantes, bichos desagradabeis, con ideias persecutorias que producen no deente unha grande anguria, sendo este un cadro perigoso e as veces mortal.

Resumindo os problemas psiquiátricos do alcool digamos que o 30 ou 40% dos doentes ingresados en Hospitais Psiquiátricos, débense ó alcool.

En canto os próblemas sociais, laborais i económcios; a vida do alcoólico sofre xeralmente problemas familiares graves, en conflicto a cotío ca muller (ou home) e os fillos.

Na vida conxugal acádase en moitos casos a impotencia sexual e conseguintemente xorden os delirios de celos, con acusacións de infedilidade ó conxugue.

E adoitado ter problemas xudiciáis por agresións ou escándalo públrico.

No eido do traballo hai baixa productividade, absentismo, accidentes, chegando a perda do posto de traballo.

E útil coñecer as etapas nas que se desenrola o alcoolismo, tal como foron estudadas polo Dr. Jellinek, de EE.UU.:

PRIMEIRA FASE (primeiros sinos):

1.- O bebedor adoitado en perigo, ten borracheiras ás veces.

2.- Bebe ás agachadas; nas festas bebes algúns vasos sen que o vexan os demáis.

3.- Pensa a cotío no alcool. Sair do traballo da lecer para beber; entrar tamén. Denantes de xantar, o aperitivo; despoís, unha copa. Pola mañán cedo, hai que beber para entonarse.

4.- Bebe con degoiro os primeiros vasos.

SEGUNDA FASE (período crítico):

5.- Perde o control sobor de sí cando ten bebida unha certa cantidade. Non pode parar de beber.

6.- O bebedor tenta de xustificar o seu beber con explicacións como: "teño moito traballo" ou "teño que beber para facer os negocios" ou

(Segue na páxina 55)

## XESUS CAMPOS




CAFE-BAR
PACO
Rúa do Viso, s/n
ARZUA

Cafetería - Restaurante
O GLOMAN
Prolongación Ramón Franco, s/n
Tlf. 50 05 85
Sta. María - ARZUA

## CAMPOS

# ARZÚA LIGHTS

¡BAJO EN CASEÍNA!



PARA LA LECHE QUE DÁ LA VACA, QUE SE LA TOME EL TERNERO.

XUNTA de GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE QUEIXOS
CONSELLERÍA DE AGRIMENSURA
SUBDIRECCIÓN DE CABRALES

¡GALICIA CEIBE!
¡OLOR POPULAR!

Café - Bar
O CASQUEIRO
Especialidade en Hamburguesas, «Franfurts» e Pinchos Morunos
Praza, 1
Tlf. 50 00 04
ARZUA

GUARNICIONERIA
CUEROS Y PIELES
Arzúa
S.L.
Teléfono 500314
LABERCO-ARZUA
(La Coruña)

MOBLES DE COCIÑA
CARPINTEIRIA
QUINTELA
Xunto o Inst. de F.P.
Tlf. 50 01 68
ARZUA



SUSCRÉBETE A UILLA NOUA PORFA!

# CACIQUES, CACICAZOS E CACIQUIÑOS, ADMINISTRADORES E VALEDORES DUN POBO AILLADO E RESIGNADO

**DAVID FORMOSO**

A verba "cacique" ten invadida toda Galicia nos seus máis diferentes aspectos dende o "Renacimiento" ou Rexurdimento para empregar un termo galego. Saíu do ámeto propiamente político para utilizarse nas situacións máis insospeitadas. Cacique non só se lle chama ó intermediario político senon que, xeralmente, na lingoaxe cotián, a toda aquela persona de comportamento retorto, desleal e fallo de ética. Pero, de sempre entendeuse o caciquismo coma aquela práctica política que consiste nunha relación establecida entre dúas ou máis personas, con poder desigual, na que a máis poderosa se ofrece para resolver, diante de instancias superiores do Poder, problemas ou conflictos que os máis fegles teñen e que se ven incapacitados de solucionar por sí mesmos.

Así, vemos con frecuencia que alguen para recebir unha pensión ou unha subvención recurre a administración pero tamén a un señor con algun poder ou influencia a fin de que a súa solicitude se resolva favorablemente. Esta práctica xeralizada, que presupón unhas relacións sociais i económicas desiguais e xerarquizadas, fai posible a estimulación do caciquismo dende os poderes públicos, tradicionalmente pouco controlados. Temos tamén observado cómo dende o Axuntamento, a Diputación, o Goberno e, agora dende a Xunta, se premia con inversións a aquiles sectores da poboación ou localidades políticamente adeptas os partidos de turno que gobernan nesas institucións. Igoalmente, nos xuzgados, nos sorteos de quintas, na atención sanitaria, educativa, etc. eran -e aínda se pode decir que son- lugares moi propicios para o exercicio do caciquismo.

- ORIXE.-

Para desentrañar mellor esta abominable práctica política, fagámos un percorrido histórico. O termo "cacique" provén dos xefes das tribus americanas, que así se cahamaban. Nas andanzas pola América, os conquistadores españois percuraban convencer os xefes das tribus ou caciques porque, deste xeito, tiñan persuadida a toda a poboación na que éste mandaba. Por extensión, esta verba escomenzou se a aplicar en Galicia a todo aquel que hoxe identificamos como cacique. Pero esta práctica era anterios ó descubrimento de América.

No percorrer da Idade Media, Galicia depende cada vez máis do Reino de Castela que sempre tivo un carácter expansivo. Moito máis do que a súa infraestructura administrativa podía. Así é que, namentras o Rei e a sua Corte se atopa en Castela, ocupada principalmente na loita contra os mouros, na nosa terra mendaban, case dun xeito absoluto, os señores feudais e a Igrexa. Eran os que cobraban os impostos e o Diezmo, e os que organizaban a defensa das Rías e aseguraban o orde público. Chegáronno a facer dunha maneira tan despótica que o pobo chegou a erguerse en armas na Baixa Idade Media. Foi a chamada revolución dos Irmandiños. Deste xeito, o pobo escravizado, mal comunicado entre sí e sobrado de iñoranza sobre o funcionamento da Administración que organizaou o Estado Moderno (a Audiencia Territorial e a Capitanía Xeral), era presa facil dos fidalgos, clérigos, burócratas ou simplemente personas ediñeiradas que lle ofrecían os seus bós oficios diante da Corte, da Irexa, dos grandes señores terratenentes e da Administración a cámbeo de cartos e/ou de apoio político.

- ACENTO POLITICO.-

Esta situación mantívose así, aínda que cada vez extendense e asentándose máis, nas relacións sociais, económicas e políticas de Galicia ata o século pasado. Nesta centuria teñen lugar tres novos fenómenos de importancia pro tema que estamos a tratar: certa democratización da vida política que implica a organización de eleiccións; o Estado e o seu aparato político-administrativo adequire unha meirande complexidade, e finalmente, nace o prototipo de cacique que aínda hoxe segue nas mentes dos habitantes de Arzúa: o señor medianeiro. Este apareceu ó aveiro das desamortizacións de Mendizábal e Madoz que supón o paso da propiedade da terra de Igrexa e os grandes nobres ós medianeiros que pasan a dispor entre dous e vinte lugares dun xeito máis efectivo. Agora a propiedade é a tódolos efectos xurídicos destes novos detentadores da terra.

Son precisamente estes novos ricos, que dominan direitamente as vontades dos seus caseiros e servidume e, indireitamente, ós demáis habitantes do concello e mesmo da bisbarra, que orientan o voto, as sentencias xudiciais, interveñen e dirixen na caridade pública da Irexa e nos sorteos de quintas. Eles ofrecen librar ó mozo do servicio militar, falar co xuiz para acadar unha sentencia favorable ó seu protexido, ir a Santiago, a Coruña ou Madrid a fin de resolver tal ou cal custión que lle plantexan os seus protexidos. A cámbeo pide o voto en determinado sentido, fidelidade e axuda para cando él a demande

¿ E por qué sucedía elo así e non doutro xeito? -Pois porque, ó poder

(Segue na páxina 55)

OBRADOIROS
GALICIA
MECANICA
CHAPA
Rúa de Lugo,113-115
Tlf. 500069 e 500273°
°Particular
ARZUA





# FELIZ

# 1986



*Excmo. Concello de Arzúa*

AUOИ AJJIU
★★★ voceiro arzuán

# PASATEMPOS

XOGOS DE CALETRE
CONCURSOS

TEMPO MORTO, 98 ... 10

## Risiñas Verbascruzadas

Cruza unhas verbas con Risiñas. Pensa en que debes poñelas en perfeita ordenación



AILLA
ALIÑO
CALEXON
CONCELLO
COSEDES
COXAS
CHAMAR
DENTE
ELAS
FERREIROS
FOLLA
FRADE

LAR
LEAR
LISCA
NOITE
NOXOS
ONS
RENDE
RISCA
RUADA
SINALA
SOLTO
SORTE
XIAR
XOIA
XOVES

## Rodas Misteriosas

¿Serías capaz de compretar os seitores valdeiros destas rodas para que lendo nun ou noutro xeito -cousa que non che decimos- poidánse coñecer os nomes de CATRO VILAS CRUÑESAS?



## Caldeirada de Letras

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| D | G | A | C | C | G | K | A | O | S | L | N | R |
| B | E | L | M | A | D | H | T | V | C | A | L | P |
| S | O | N | E | M | A | R | O | X | O | D | I | M |
| E | H | C | D | P | S | U | M | G | V | X | B | G |
| M | S | O | E | E | L | P | I | A | A | C | U | X |
| A | C | E | M | L | Z | U | R | V | D | X | R | O |
| Z | I | R | T | O | O | I | S | U | A | B | E | F |
| P | S | L | F | I | E | C | V | I | S | O | I | U |
| C | E | G | C | I | X | L | L | O | E | O | R | T |
| H | L | O | T | V | Z | U | A | C | R | R | O | U |
| P | E | I | M | O | P | S | V | B | P | H | I | F |
| D | C | O | R | N | A | D | O | R | E | G | I | H |
| A | D | F | L | E | I | K | I | E | A | C | U | Z |

ATOPA O NOME DE <u>NOVE</u> MONTES DA BISBARRA DE ARZUA.

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| V | X | Z | C | J | R | T | U | E | I | P | Z | N |
| Y | U | O | P | A | A | E | F | L | E | A | T | O |
| U | P | O | L | C | R | S | G | B | C | L | A | C |
| G | F | L | O | P | I | R | U | A | D | E | M | P |
| D | U | X | T | V | A | I | A | C | D | G | B | L |
| N | R | L | I | X | M | S | F | C | H | A | R | Z |
| A | E | G | F | L | V | O | I | L | E | S | E | H |
| V | L | O | R | T | X | Z | T | U | A | D | H | L |
| X | O | B | D | O | P | M | E | R | A | F | O | P |
| U | S | T | L | F | A | B | F | H | Z | I | S | U |
| G | H | L | T | R | M | A | N | D | E | O | S | I |
| I | E | G | D | X | V | I | B | Z | S | U | V | L |
| V | C | I | G | H | T | U | V | O | P | A | X | F |

ATOPA O NOME DE <u>NOVE</u> RIOS DA BISBARRA DE ARZUA.

## Xogo do Caletre

| A | | | | | | | | B |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | T | E | L | L | A | D | O | 1 |
| 4 | E | N | X | E | B | R | E | 3 |
| 2 | C | A | N | I | Z | O | S | 2 |
| 3 | R | E | L | O | X | I | O | 1 |
| 1 | M | O | U | C | H | O | S | 0 |
| 5 | A | C | E | R | T | A | S | 1 |
| 1 | C | O | B | I | Z | O | U | 1 |
| 3 | R | E | B | U | L | I | N | 0 |
| 4 | P | E | S | E | T | A | S | 2 |
| 0 | P | O | U | S | I | Ñ | O | 0 |

Os díxitos da calona-A, dínche o número de letras comuns, e os da calona-B o de letras que ocupan o "mesmo" lugar que a verba buscada. ¿Tes caletre?

## As Contas Claras

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4 | × | | : | | =3 |
| + | ■ | - | ■ | - | ■ |
| | - | | × | | =9 |
| - | ■ | + | ■ | × | ■ |
| | + | | + | | =8 |
| =7 | ■ | =9 | ■ | =5 | ■ |

Qué che saian as contas !!!

## Pon Outro Mais

**3,6,30,870,...**

# «XOGA» EN "TEMPO MORTO"

## CRUCIGRAMA




HORIZONTAIS:

A- Sardiña miuda. En castelán e o revés leitos. B- Imposto de Tráfego de Empresas. Para vir a xunta ... Escoitar. C- Pedras redondas de afiar. Consonante. Tremor. D- Vocal. Castrador. Vocal. E- Sigras Comerciais. O revés símbolo químico. Artigo. Vocal repetida. F- O revés, ollei. Algo que case nunca temos. G- Vocal repetida. Artigo. Símbolo do Calcio. Que non chega a dous. H- Consonante. Ollada. Vocal. I- Afama do futbolísta brasileiro. Vocal. Multinacional ianqui de electromecánica. J- Acudide. Unha Norma Española. Empresa de explosivos. K- Granos nas peles. Cravuñeo.

VERTICAIS:

1- Laias. Muller moi fea e fraca. 2- Letras de OUTRO. Nome de muller. Letras de CEDO. 3- O revés: tropezou e ... Vocal. A outra beira. 4- Consonante. Non doméstico. Vocal. 5- Onda Medea. Peza do muiño. Preposición. Letras de SUA. 6- Imposto comunitario. Nome de home. 7- Sen número. Fala. Símbolo químico. Berro do arrieiro. 8- Vocal. Choveu e agora esta ... Consonante. 9- Esmoer. Vocal. Liei. 10- O revés, xornada. Exclamación andaluza. Marchare. 11- Xeixo. Circunstancial de tempo.

## CRUCICODIGO

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 B | 2 A | 3 D | 4 F | 5 C | ■ | 6 H | 7 E | 8 A | 9 E | 10 A | 11 B | 12 G | 13 A |
| 14 E | 15 H | 16 B | 17 F | 18 D | ■ | 19 C | 20 L | 21 A | ■ | ■ | 22 J | ■ | 23 B |
| 24 J | 25 I | 26 A | 27 E | ■ | 28 G | ■ | 29 F | 30 D | 31 E | 32 I | 33 I | 34 E | 35 G |
| 36 K | 37 H | ■ | 38 M | 39 H | 40 C | 41 D | 42 E | 43 D | 44 L | 45 F | 46 J | 47 B | ■ |
| 48 C | 49 L | 50 F | ■ | 51 L | 52 C | 53 K | 54 I | 55 K | 56 C | 57 F | 58 F | ■ | 59 H |
| 60 M | 61 F | 62 M | 63 M | 64 J | ■ | ■ | 65 K | ■ | 66 I | 67 G | ■ | 68 L | 69 L |
| 70 L | 71 A | 72 D | 73 G | 74 K | 75 I | ■ | ■ | ■ | 76 G | 77 A | 78 J | 79 K | 80 G |
| ■ | 81 I | 82 J | 83 B | 84 M | 85 H | 86 E | 87 J | 88 G | ■ | 89 C | 90 D | 91 K | 92 C |
| 93 A | 94 E | 95 D | ■ | 96 I | 97 H | 98 C | 99 M | 100 B | ■ | ■ | 101 B | 102 I | 103 D |

F 29-57-45-61-17-04-50-58 Húmedas.

G 12-88-35-76-28-67-73-80 Olladas con disimulo.

H 39-15-06-37-85-59-97 Antes de onte.

A 93-71-10-21-08-02-77-13-26 Apeiro para facer filloas.

I 25-66-32-54-33-81-75-102-96 Revisádeos.

B 101-23-01-11-83-16-100-47 Que dan noxo. Pl.

J 78-64-24-82-22-87-46 Axitádeo con movimento de vaivén.

C 19-52-48-05-56-92-98-40-89 Fidalgo, nobre.

K 65-36-53-79-91-55-74 Fervedeos.

D 41-03-103-43-30-90-72-95-18 Tratantes de gando.

L 20-49-68-70-69-51-44 Curro abrigado que forman as casas.

E 94-07-31-27-09-86-14-34-42 Arrebato.

M 63-60-99-84-38-62 Obrase contra lei divina.

"TEMPO MORTO"

# «XOGO DOS BARQUIÑOS»




ORGANIZA:

Revista UILLA NOUA ★★★ VOCEIRO ARZUÁN
APARTADO DE CORREOS, 10 – ARZUA






FLOTA DE UILLA NOUA

□□□□ ➞ 1
□□□ ➞ 2
□□ ➞ 3
□ ➞ 4

UILLA NOUA ten a «flote» 10 barcos (1 de 4, 2 de 3, 3 de 2 e 4 de 1), afúndellos.

Abonda con tocalos para afundílos e dá-moslle 25 «torpedos».

PROBA SORTE! Rechea o casileiro cos 25 tiros (marca cunha X), recorta pola liña de trazos i envía a: «XOGO DOS BARQUINOS» (Revista UILLA NOUA) – Aptdo. de Correos, 10 – ARZUA.

«PREMIO DE 5.000 Pts.» para aquel que atine sen deixar ningún.

**NO SUPOSTO DE SEREN MÁIS DE UN OS ATINANTES REPARTIRÁSE ENTRE ELES O PREMIO E SE NON APARECE NINGÚN DEIXARÁNSE OS BARCOS NO MESMO SITIO PARA O NÚMERO SEGUINTE**

PEQUENO CONTO.-

Manuel do caseiro, dende neno, reloucaba de contento cando sentía tocar unha banda de música. Ós dezaseis anos fixo grandes esforzos por aprender algo de solfeo co mestre da banda de "Gregorio". Parece que o Manuel non tiña grandes condicións para o que tanto desexaba; ademais, era fillo dunha solteira que gañaba a vida de xornaleira nas casas de labranza. Con aqueles xornais, a nai foille pagando un bombardino que lle comprou para Manuel, á Consuelo de Cuñano, o único recordo que lle quedaba a esta do seu home, morto na guerra de África. O Manuel, tan pronto foi dono daquel instrumento púxose tolo e xa non volveu máis á casa da súa nai. Recorreu toda a nosa terra, parroquia por parroquia, e casa por casa, tocando tonadas inventadas. Ata que unha mañá de xeada apareceu morto no camiño real da "Romea", abrazado ó seu bombardino. Contaba cincuenta anos aquel louco polas nosas bandas. Eu, que son un tolo máis por elas, xa conto setenta e dous.

LAXEIRO- Lalín, "Pardellas", 1-VII-1980.

# PEQUENA HISTORIA DA BANDA DE MUSICA DE ARZUA

O gaiteiro "Carreiriña" nace na bisbarra de Arzúa, aló polo ano 1825. Gaiteiro dende moi novo, ledo e dicharacheiro, vai ensinando ós seus amigos e veciños a tocar algún instrumento; el mesmo vai se-lo primeiro o clarinete na flamante banda de música que naceu froito das súas inquedanzas, no ano 1850.

Deste xeito, o comenzo da banda da montaña foi unha realidade ó longo de moitos anos; nela, tiveron cabida os mozos das familias Pampín, Canuto, Cendón, Fraga que foron diridos, nun primeiro momento, polo zoqueiro Pedro e posteriormente, polo seu fillo Suso. Arturo Rendo e Ramón Brea toman as rendas da Banda, anos máis tarde.

Os estragos que fixo a emigración e o probe nivel de vida no que quedou afogada a nosa cultura nos anos da posguerra, foron esnaquizando, pouco á pouco, á nosa Banda de Música. Así, en 1953 rematou por morrer unha actividade cultural que, ó longo de cen anos levara a ledicia polas aldeas máis alonxadas da nosa Galicia.

Un pobo que leva no sangue ó longo dun século o sentimento musical, cando se atopa coa falla da actividade cultural onde purifica-lo seu espírito, roxe de morriña, matinando no que xa pasou e chorando de saudade pola sorte que correu a súa Banda de Música.

Cando unha cousa se desfai, algo queda solto e espallado. Por iso, o traballo de volver a estructura-las paredes derrubadas e de xunta-las pedras ciscadas é sempre un labor difícil e delicado. No 1958, Anxo Buxán, cos residuos que quedaran da Banda, comenza a reunir ós que durante tantos anos foran os seus compañeiros; máis, foi imposible reface-la agrupación que existira anteriormente.

A Banda, somente con dez músicos sobreviviu unha longa tempada ata que a nova Corporación Municipal de Arzúa acordou facer realidade a idea do Alcalde, Xesús García Vázquez, encamiñada a que o pobo puidera disfrutar dunha nova agrupación. A teima de facer unha nova banda de música acadou un resultado positivo; así o tres de Marzo, día da "Festa do Queixo", Arzúa reestrena unha actividade que nunca debera morrer.

D. XOSÉ CES LORENZO (Director da Banda de Música de Arzúa)

D. Xosé Ces Lorenzo é natural de Taragoña (Rianxo). Ós doce anos forma xa parte da banda de música de Bealo, converténdose, pouco a pouco, nun virtuoso dos instrumentos de percusión. Despois de facer estudios de música cos profesores Francisco e Valentín Lorenzo Otero, marcha para Catalunya onde forma parte dunha importante orquesta, coa que recorre gran-de parte de Europa e América. Pasado algún tempo, retorna a Galicia para dirixir, durante trece anos, a Banda Infantil de Música da súa vila natal. Na actualidade é director da Banda de Música de Arzúa.



"Foto e texto saídos do libro: «Homenaxe as Bandas Populares Galegas». Editado polo Excmo. Concello de Santiago de Compostela".

C. S. D. ARZUA

# HISTORIAL DA C.S.D. ARZUA

NON, non é un erro da imprensa nin é que a Historia do noso Equipo de Fútbol sexa tan pequena e pouco merecente de ser coñecida polos cidadáns que defenden as súas coores, como para que non ocupe lugar algún na Revista. Tampouco se trata dunha confabulación deste ente contra a Sociedade Deportiva -¡Nin moito menos!-. Esto é unha páxina en branco e máis nada.

Páxina que moitos deseguro quixeran leer mais non é posibel pois o Sr. Vuelva Vd. Mañana ten na súa propiedade, propiedade particular polo que parece, o devandito Historial e non ten a ben que se difunda.

UILLA NOUA pubrica e condea este tipo de actitudes que tan pouco axudan ó desenrolo cultural da Vila.

forxan







D./ Dna.______________________________

Rúa/Praza______________________ Nº.___ - ___

Poboación____________ C. Postal______________

DESEXA suscreberse a UILLA NOUA dende o número:___ (incluido) Por: 1, 2, 3, 4, 5, 6 números. (Cada Nº: **300** Pts.)

FORMA DE PAGO:

1- Talón que se envía a UILLA NOUA.

2- Xiro Postal a UILLA NOUA.

3- Cheque bancario en pesetas

* A forma, 3 somentes para ó EXTRANXEIRO

# UILLA NOUA COMO REALIDADE

Xelo

*Iluso eu, que tiña matinado contarvos así novas que foran acontecendo, no ir e vir deste trafego de facer a Revista.*

*Dous erros na medición dos textos ocupan o que ía ser a miña folla para eu expricar estas cousas. Teño ben merecido, non debe errarse.*

*E así, cometendo erros, cómo podrei eu calibrar as necesidades, maiores ou máis pequenas, que padece este conto. Ocórrese me dar por resposta o mesmo que dixo o "carpinteiro" de Carlos Casares: «Mide un pouco máis dun metro escaso». Eso podería ser UILLA NOUA.*

*Necesítanse moitas cousas. ¿Sabedes cáles?*

*-Eu, tampouco.*

## CACIQUES, CACICAZOS E CACIQUIÑOS, ...

(Ven da páxina 46)

económico deste novo señor medianeiro, xontábase unha administración pública arbitraria, sen apenas control e chea de corrupcións. Xontábase a dispersión, iñorancia e falla de intercomunicación do pobo galego que facía imposible o que eles mesmos solucionaran os distintos problemas que se plantexaban. Xontábase o superindividualismo dos galegos de maneira que buscaban solucións individuais en vez de unírense ante problemas de caracter xeral. Este galego, labrego ou empregado, era unha presa fácil para señoritos desaprensivos.

- PERVIVENCIA E REMATE.-

Todos, na bisbarra de Arzúa, sabemos que esta situación persiste aínda que de maneira máis suave porque a iñorancia é cada vez menor, os señores medianeiros acabáronse na casúa totalidade, a Administración Pública non é xa un terreo velado á luz do sol e a información é máis abondosa aínda que ten, en boa parte de Galicua, moita manipulación ó non haber un control democrático sobre ela.

Noj cabe dúbida de que a práctica secular do caciquismo foi constituindo un hábito de difícil desarraigo. Aínda hoxe a maioría dos galegos seguen a confiar máis na man de alguén que coidan influinte que nos poderes públicos e nas leises. O caciquismo pervive en Galicia porque se confía nel. Non hai un rechazo social de xeito contundente porque ó galego de mentalidade rural -anque viva na cidade- peocúpalle máis ter unha boa amistade que pedir a democratización e trasparencia das institucións públicas. A estas séguese a considerar como unha fatalidade que é preciso soportar. Somentes cando o cacique non pode atender tódalas demandas, como é o de buscar emprego, enton xorde certa crítica, envolta rn resignación, contra a arbitrariedade de tal ou cal servicio público; pero rara vez contra os proxectos políticos da dereita que fan imposibles os principios constitucionais da igualdade e do mérito na Administración.

Cabe logo deducir e concluir que o caciquismo en Galicia manterase vivo namentras segan vixentes as condicións que o fan posible. Unha maior educación, formación, información contrastada; a percura de solucións ós problemas entre o conxunto de afectados e a trasparencia e control das institucións e os seus respectivos servicios son as vitaminas da democracia pero veneno mortal do caciquismo.

## ALGUNHAS CONSIDERACIONS ENCOL DO ALCOOLISMO.

(Ven da páxina 43)

"bebo para darme forza".

7.- Rexeita os consellos ben intencionados dicindo:"Eu mesmo sei cando teño que deixar de beber".

8.- Comenza o comportamento agresivo entre os que o arrodean, comenzando pola familia.

9.- As veces pide perdón polas súas baldrocadas e pode ter períodos de abstinencia máis ou menos longos.

10.- Despois de algún tempo de non beber, falla, pero para tentar controlar a bebida, troca o sistema de beber, facendo mentes, por exemplo, de beber só polas tardes ou os sábados, sen acadar cumplir as súas propias regras.

11.- Perde o interés e coidado polo seu vestir e aseo persoal.

12.- Comenza a desintegración familiar. Non fai caso da familia.

13.- Pónse de mal xenio sen motivo.

14.- Come pouco e mal, enfermando doadamente.

15.- Comenza a beber pola mañán cedo, sendo seu almorzo unhas copas. Non ten apetito.

TERCEIRA FASE(período crónico):

16.- A intelixencia e o pensamento fánse eslaiados e con moitas fallas.

17.- Perdo o senso moral; non distingue o ben do mal.

18.- Xorden os primeiros sinos de doenza mental, con alucinacións, pesadelos e medos pola noite.

19.- Bebe con calquera e comenza o descenso da posición social.

20.- Padece crise de anguria, sobor de todo polo serán.

21.- Xorden parálise dos nervos que o tollen para certos movementos.

22.- O alcoólico está engaiolado polo degoiro da bebida. É só unha sombra do que foi e xa non pode oporse os que tenten axudarlle.

FASE DERRADEIRA:

É a desfeita. O doente tolea. Hai risco de suicidio. Xorde o delirium tremens que se é superado pode deixar o cerebro danado de xeito irreversible, como no caso da demencia alcoólica.

Pensando nestes sinos relacionados, é doado saber se cada un de nós é alcoólico ou vai camiño de selo.

¿ Cómo loitar contra o alcoólismo?.

Pódese plantexar a loita en dous frontes: unha prevención primaria e unha secundaria.

A prevención primaria é a loita contra os ffactores que fan prosperar o alcoolismo. É importante a axuda da familia, debido que o bebedor non se recoñece como doente deica moi avantado o proceso e daquela a educación popular debe levar a toda persona a perguntarse sobor do risco de ser un alcoólico, segundo os sinos espostos nas fases de Jellinek.

A educación antialcoólica abrangue a información sobor dos perigos e danos do alcool e a supresión da pubricidade.

A prevención secundaria baséase no tratamento precoz do bebedor, adoitado, que hase de facer sempre baixo control médico e que fondaméntase na supresión total do alcool. O alcoolismo cúrase ó suprimir o alcool, máis o alcoólico perde o control sobor do consumo dél e por tanto, para manterse ben, ten que deixar de beber alcool para sempre, de xeito absoluto e sen voltar a probar nin unha pinga endexamáis.

Na primeira fase de suprsión do alcool, de desintoxicación, débese facer un tratamento medicamentoso para axudar a vencer a dependencia. Esta etapa de tratamento pode ser preciso facela ingresando ó doente nunha clínica. Ademáis da medicación é necesaria a psicoterapia, que pode facerse de xeito individual ou en grupo, tentando unha reforma de personalidade no bebedor.

A psicoterapia abrangue tamén á familia e á sociedade onde o bebedor vive.

A estas medidas asócianse os tratamentos de adversión, con medicamentos que desenrolan unha intolerancia ó alcool e polo tanto axudan a manterse abstemio.

Tais son o antabús e outros fármacos que son utilizados sempre con coñecemento e consentimento do doente.

Cando o alcoólico supera a fase de desintoxicación e atópase abstemio, é aconsellable que se integre en asociacións como Alcoólicos Anónimos ou similares, feitas por alcoólicos reabilitados que desexan manterse sen beber, facendo xuntanzas nas que cambian ideias e axúdanse mutuamente, organizando a súa vida sen alcool.

Rematamos dicindo que o alcoolismo cúrase. Mais que poñer os medios, sendo o primeiro paso enveredar ó alcoólico e a súa familia para que acudan ó médico ou centro especializado para o tratamento axeitado. Nesta teima de tanta gravedade, como en tantos outros, non serven improvisacións nin abonda só ca boa vontade.


¡E Paz na Terra aos homes de boa vontade!
Siro -85-
~ Feliz ano 1986 ~